

## **Festas Algo guapo 2016**

### **► Introducción:**

Esta actividade supón unha oportunidade para todos os rapaces e rapazas que participaron nos campamentos, excursión e hortas de verán de reencontrarse nun contexto festivo, de lembrar as súas aventuras estivais, pasando unha tarde lúdica e divertida.

Durante dúas tardes de sábados teremos actuacións artísticas e unha pequena merenda de convivencia.

### **► Datos xerais:**

Destinatarios: rapaces e rapazas participantes no programa de verán. Realizaranse 2 sesións organizadas por idades e actividades.

A **primeira** quenda para rapaces e rapazas de campamentos e excursións (o **3 de setembro, de 17:00 a 19:00**) e a **segunda** quenda para os participantes nos Mini-3, Mini-5, e hortas de verán (o **10 de setembro, de 17:00 a 19:00**)

### **► Obxectivos xerais:**

- Reforzar os lazos afectivos entre os participantes.
- Promover a convivencia e o respecto entre a veciñanza
- Fomentar actitudes sans no gozo do tempo de lecer
- Entreter e divertir aos participantes despedíndonos do verán

### **► Contidos:**

Nestas festiñas o mais importante será o reencontro cos amigos e amigas do verán, e por suposto xogar e divertirse, compartindo as experiencias vividas nas diversas actividades feitas, participar nos espectáculos, e rematar a xornada cunha merendiña larpeira final.

### **► Metodoloxía:**

A Metodoloxía empregada será activa, investigativa, participativa, interdisciplinar, flexible, tolerante, cooperativa, integradora avaliativa e sobre todo provocativa, procurando estimular un autodescubrimento continuo neste espazo lúdico.

En todas as actividades plantexadas intentarase estimular a participación e fomentar a creación de actuacións pola súa parte procurando enfiar a xornada arredor **do mundo dos seres fantásticos**

### **1ª sesión, 3 de setembro (medianos)**

Duración: 2 h por sesión

Horario: 17 a 19 horas

Educadores: 3

Data: 3 de setembro, sábado

Lugar: Centro Municipal de Formación Municipal Isaac Díaz Pardo, na Urbanización Os Regos, de Oleiros, no salón de actos e espazo exterior con parque e pista polideportiva cuberta.

#### **► Descrición das actividades e temporalización:**

- Recibimento dos participantes e presentación da actividade. 10'
- Proxección do audiovisual. 15'
- Xogos con paracaídas cos seres fantásticos da fraga que haberá que buscar nas árbores do campo de xogo - 20'
- Obradoiro de ilustración **con Suso Cubeiro\*. Ensinaranos técnicas básicas de ilustración da natureza. 45'**
- Pequena merenda de convivencia. Pequena merenda de convivencia. Faremos unha merendiña saudábel na que non faltarán as delicias clásicas destas festiñas e algunha que outra sorpresa. 30'
- Despedida afectuosa...e entrega dos CDs fotos

**\*Suso Cubeiro** .- Ilustrador de natureza e libros infantís e xuvenís.

(Páxina: [www.susocubeiro.com](http://www.susocubeiro.com))

Colaborador habitual de cem, s.coop.galega . Ilustra a maioría dos materiais didácticos elaborados para os programas de educación ambiental que desenvolvemos en Oleiros, durante o curso escolar e no verán, empregando distintas técnicas (acuarela, lapis, óleo, dixital...)

Na súa longa traxectoria profesional ilustrou máis de 50 obras entre as que destacamos : “El espírito del bosque”, “Los tres cielos”, “Larita”, ou “El señor mago y la hoja”

Entre os seus traballos máis recentes destacamos a elaboración das ilustracións da “Guía de campo das aves das Mariñas e a Coruña” e ilustracións da Ruta Ornitolóxica “El bosque animado” en Cecebre.

Destacamos tamén que é o autor das ilustracións do libro “No corazón da fraga”, que foi empregado neste verán nos campamentos como guía para facer distintas actividades relacionadas cos seres fantásticos que habitan na fraga



**Concello de  
Oleiros**



**2ª sesión, 10 de setembro, pequenos**

Duración: 2 h por sesión

Horario: 17 a 19 horas

Educadores: 2 .

Data: 10 de setembro, sábado

Lugar: Centro Municipal de Formación Municipal Isaac Díaz Pardo na Urbanización Os Regos , de Oleiros no salón de actos e espazo exterior con parque e pista polideportiva cuberta.

**► Descrición das actividades e temporalización:**

- Recibimento dos participantes e presentación da actividade. 15´
- Proxección do audiovisual. 15´
- Xogos ambientais e cooperativos. 20´
- **Contacontos Anxo Moure “Os contos da Xacia Luviñas”\*-40´. ’**
- Pequena merenda de convivencia. Faremos unha merendiña saudábel na que non faltarán as delicias tradicionais como a torta de millo ou as amoras, as patacas fritidas ou o chocolate 30´
- Despedida afectuosa... e entrega dos CDs fotos

**\*Contos Solidarios** é un proxecto cultural, medioambiental e de solidariedade promovido polo contacontos galego **Anxo Moure**, que dende o ano **1989** percorre as terras de Galiza, Asturias, Portugal, O Bierzo..., contando historias solidarias coa terra e coas persoas que a habitan.

Anxo Moure é un referente da educación ambiental e colaborou xa en moitas ocasións con nós traendo contiños solidarios a Oleiros. Desta volta haberá moitos contiños tendo especial protagonismo a “Xacia Luviñas”, un ser fantástico que nos acompañou este verán axudándonos a coidar do río .